

Cobertura do servizo

O seguinte aplicativo amosa os beneficios, os límites e principais exclusións do Servizo de Cobertura para o equipamento cedido polos centros educativos para o uso dos alumnos.

Duración do servizo: Curso escolar 2022-2023 (1 setembro 2022– 31 agosto 2023)

Beneficio do servizo:

- Custo de reparación do ben incluíndo man de obra, transporte de recollida, entrega e pezas.
- Entregarase un equipo en substitución de forma inmediata, este tempo non superará as 24h dende a incidencia.

Definición das coberturas de dano

Os danos producidos por causa accidental como consecuencia de: golpes, caídas, roturas, derramo de líquidos, sobretensións e temperaturas extremas, que puidesen sufrir os compoñentes dos equipos asegurados

- Rotura de calquera compoñente do equipo: pantalla, carcasa, teclas, bisagras, sistemas de alimentación e demais conectores integrados.
- Rotura do cargador de alimentación

Límites

- Límite de incidencias non está definido.

Principais exclusións

- Avarías internas contempladas na garantía.
- Danos estéticos que non afecten ao funcionamento do ben asegurado.
- Danos que teñan a súa orixe no software instalado e máis concretamente os producidos por virus ou programas mal intencionados.
- Responsabilidade civil de calquera natureza.
- O roubo, furto, extravío ou perda baixo calquera circunstancia tanto do equipo portátil como do cargador de alimentación ou o lapis.
- Rotura do lapis ou da punta deste.

Características do servizo:

Utilizaranse servizos técnicos oficiais. A non dispoñibilidade de pezas por parte do fabricante non será en ningún caso responsabilidade do servizo. O prazo para a reparación e devolución do equipo danado depende da dispoñibilidade das pezas dos servizos técnicos oficiais. A aceptación e tramitación de cada incidencia realizarase dentro das primeiras 24 horas. O contacto realizarase a través do teléfono de contacto e a conta de correo electrónico habilitados para o servizo.

Oferta económica

O custo anual é de **49€ IVE** incluído.

FORMA DE PAGO: O importe do servizo será abonado mediante transferencia bancaria na conta bancaria IBAN: **ES71 0128 7671 1701 0000 3364**

Manual de Rexistro e Contratación de Cobertura

Introdución

A aplicación Cobertura SIR (Servicio Integral de Reparación) creouse para que poida xestionar e contratar de xeito sinxelo e electrónico a cobertura do equipo asignado ao seu fillo/a

Acceso á aplicación e rexistro

Para acceder á aplicación Cobertura SIR, debe introducir no seu navegador a seguinte ligazón: <https://coberturasir.plexus.es/> e rexistrarse cubrindo todos os campos indicados no formulario.

As capturas de pantalla mostran a interface de usuario para a creación de conta. A primeira captura mostra o logotipo de PLEXUS TECH e un botón de 'REXISTRARME' destacado con un recadro vermello. A segunda captura mostra o formulario 'Crea unha conta' con campos para: Nome do Pai/Mai/Titor Legal, Primeiro Apellido, Segundo Apellido, Teléfono, DNI, Email, Contraseña, Repita Contraseña, Enderezo, Código Postal, Localidade e Provincia. Un botón de 'REXISTRARME' está visible na parte inferior do formulario.

Rexistrar Equipo

Unha vez rexistrado / iniciado sesión, amosarase a pantalla de rexistro de equipos. Debe cubrir todos os campos indicados no formulario.

A captura de pantalla mostra o formulario 'Rexistrar equipo'. Os campos inclúen: Nome do estudante (Alumno), Centro Educativo (27006383 - CEIP A Ponte (Lugo - Lugo)), Modelo de PC (Lenovo Yoga 11e) e Número de serie (R90TK1Y0). O botón de 'REXISTRAR' está destacado con un recadro vermello.

Se ten dúbidas de como atopar o Número de Serie prema no signo de interrogación. Amosarase as seguintes fotografías nas que se indica detalladamente como localizalo:




Engadir imaxes do equipo

Tras rexistrar o equipo, para continuar a contratación debe facilitarnos catro fotografías:



Se ten dúbidas de como atopar a parte do equipo que debe fotografar prema no signo de interrogación e amosáraselle un exemplo de fotografía similar á que debe achegar:




Unha vez engadidas as fotos do equipo, deberán ser validadas polo noso departamento técnico e recibirá unha mensaxe de confirmación na súa conta de correo electrónico.

Engadir documentación do equipo

Para continuar a contratación debe premer en **ENGADIR DOCUMENTACIÓN** e facilitarnos a documentación indicada:



Se ten dúbidas de onde atopar cada documento prema no signo de interrogación:



Unha vez engadida a documentación requirida deberá ser validada polo noso departamento de contabilidade e recibirá unha mensaxe de confirmación na súa conta de correo electrónico.

Dúbidas e consultas

Se ten algunha consulta sobre o funcionamento da aplicación, non dubide en contactar connosco a través do Servizo de Atención, de luns a venres de 08 a 18 h a través do teléfono **881505136** ou envíe un correo a: coberturasir@plexus.es